



CONCELLO DE
OLEIROS

Ensino

DECRETO

Expediente: 2024/EGFAB/000056

No artigo 28, parágrafo 9, das Bases de Execución do Orzamento para 2024 prevese a concesión dunha subvención nominativa á UNED por importe de 1.000,00 euros.

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED, presentou a súa solicitude de concesión de dita subvención en data 20/02/2024 e número de rexistro de entrada 2024002928, mediante o que solicita que se lle abone o dito importe.

Foi comprobado asemade que a entidade non é debedora deste Concello por calquera concepto non tributario e que está ao corrente coa AEAT e coa TGSS.

En data 04/03/2024 foi emitida proposta polo técnico municipal de Educación relativa á concesión da subvención solicitada.

A Responsable da Unidade Xurídica emitiu informe ao respecto en data 05/03/2024, e o 08/03/2024 o Interventor emitiu informe favorable.

Polo exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar e dispor un gasto de 1.000,00 euros en concepto de subvención nominativa ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED A Coruña.

Segundo.- Conceder ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED A Coruña, con C.I.F.: Q1500424E, con enderezo na Rúa Educación, nº 3 – 15011 A CORUÑA, a cantidade de 1.000,00 euros (mil euros), en concepto de achega para gastos de funcionamento para o ano 2024.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 65.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as condicións da concesión serán as seguintes:

- a) **Obxecto:** gastos de funcionamento da UNED no ano 2024.
- b) **Importe:** 1.000 euros.

O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

- c) **Aplicación orzamentaria:** 82.3260.42390.





CONCELLO DE
OLEIROS

Ensino

- d) **Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- e) **Publicidade:** A concesión da subvención deberá publicarse na páxina web da entidade beneficiaria. Asemade, o Concello procederá á súa publicación a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.
- f) **Pagamento:** Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación que se especifica a continuación, despois do cal a garantía retida será liberada e aboada ao beneficiario.
- g) **Xustificación:** No prazo de 30 días dende que se efectúe o pagamento do importe anticipado deberán aportar:
 - ✓ Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, de que os fondos foron destinados ao fin para o que son concedidos.
 - ✓ Declaración responsable do representante de que o importe da axuda, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, non excede do importe do gasto realizado.
 - ✓ Declaración responsable do representante de que a colaboración do Concello de Oleiros foi publicada na páxina web da entidade beneficiaria.

Cuarto.- Recoñecer a obriga a favor da entidade devandita dun importe de 1.000 euros, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación.

Quinto- Notificar o contido do presente acordo ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED A Coruña.

Sexto.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

